

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MOS PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO TURISMO EN MOS A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DA CHEGADA DUNHA ETAPA DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a promoción do turismo a través do apoio á organización da chegada dunha etapa da Volta Ciclista a España, de acordo co establecido no orzamento do convenio.

Como obxectivos de colaboración inclúese o de impulsar o desenvolvemento cultural e económico do Concello a través do impacto das actuacións para atraer a visitantes, xerar turismo cultural e, ao mesmo tempo, contribuír ao crecemento económico da vila e da provincia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Mos ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións ao longo do ano.

Mos é un concello da comarca histórica do Val da Louriña, formado polo río Louro, é un territorio rico en patrimonio natural, histórico e cultural que ofrece múltiples posibilidades ao visitante. É terra de muíños, algúns deles con máis de 300 anos de antigüidade, mais todos eles cheos de historia e tradición. Mos é tamén cultura, patrimonio e arquitectura, como demostra o pazo dos marqueses de Mos, construído no século XVII a carón dunha antiga calzada romana, e no que xa se encontra o escudo da Casa de Mos, que no XIX dá orixe ao actual emblema municipal. Xunto a el atópase a igrexa de Santa Baia, do século XVI, e un miliario romano, vestixio do paso da Vía XIX. Tamén destaca o Peto de Ánimas de Santa Ana, símbolo da devoción popular.

Mos conta cunha gran variedade de espazos naturais ideais para a práctica do sendeirismo, como o Monte Salgueirón ou a zona do Castro, con rutas sinalizadas e miradoiros como o da Caseta ou o de Herville, desde os que se poden contemplar paisaxes de gran beleza. A Lagoa do Galleiro é outro espazo destacado, con vistas privilexiadas sobre a ría de Vigo.

A riqueza patrimonial e paisaxística de Mos vese complementada coa súa grande variedade de festas e eventos que ao longo do ano dinamizan a poboación como destino turístico, mellorando a experiencia dos visitantes e veciños e determinando a identidade da cidade.

Para o Concello de Mos a promoción, difusión e posta en valor dos seus recursos turísticos patrimoniais e de natureza, as súas festas e eventos ao longo de todo o ano permiten desestacionalizar e facer de Mos un destino cunha ampla oferta cultural, musical e de ocio para veciños e visitantes.



Ademais o Camiño Portugués atravesa o concello de Mos na etapa que vai dende O Porriño a Redondela. O culto xacobeo tivo no Camiño Portugués un territorio fundamental para entender a verdadeira dimensión internacional do fenómeno das peregrinacións. Esta ruta tomou relevancia, sobre todo a partir de mediados do século XII, tras a independencia de Portugal.

Mos ofrece unha experiencia completa para quen busca natureza, historia, cultura e tradicións vivas. Un destino ideal tanto para o camiñante do Camiño de Santiago como para quen desexe descubrir o patrimonio do sur de Galicia.

Terceiro.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión a sostibilidade integral e dentro dela se recolle a medida estratéxica do desenvolvemento turístico responsable.

A poboación local xoga un papel esencial no desenvolvemento turístico dado que o seu grao de aceptación ou rexeitamento afectará á percepción que teñen os viaxeiros do territorio. Así, para construír un destino verdadeiramente sostible, é preciso dotar á estratexia dunha visión global que integre á poboación local para mellorar a súa calidade de vida. Esta actuación pretende achegar as bondades da actividade turística aos residentes; o obxectivo é lograr que se sintan orgullos do destino a través de actuacións que respecten a cultura, o modo de vida, a tradición... e, en definitiva, que melloren as relacións entre os viaxeiros e a cidadanía.

A tal fin promóvese a organización de eventos culturais, gastronómicos, sociais ou deportivos dirixidos á poboación local en establecementos e en espazos turísticos. Esta actuación ten un dobre obxectivo:

1. Por unha banda, achegar a labor dos profesionais do turismo á poboación local. A cidadanía poderá gozar de que actividades e de espazos que, a priori, puideran ser percibidas como orientadas aos viaxeiros.
2. Por outra, ante o posible crecemento da demanda turística en Galicia, lograr un uso equilibrado dos espazos públicos entre os visitantes e a poboación local.



Do mesmo xeito promóvese o impulso ás actividades deportivas co obxectivo de mellorar o posicionamento de Galicia neste eido, e como ferramenta de posta en valor do territorio, o patrimonio e a identidade cultural.

Mos acolleu a chegada da 16ª etapa da Volta Ciclista a España o pasado 9 de setembro. Tratouse dunha etapa de media montaña con saída en Poio, de 167,9 quilómetros de lonxitude, sen grandes ascensos pero con terreo sempre de “sube e baixa” e chegada no Castro de Herville, alto de segunda categoría.

A elección de Mos como sede da chegada é unha grande oportunidade para que a localidade poida mostrar ao mundo as súas bondades. Cunha audiencia de 400 millóns de persoas en decenas de países, a Volta é unha gran promoción turística para o concello, a provincia e a comunidade. Ademais a celebración desta importante proba deportiva é tamén unha oportunidade de visibilizar o Camiño Portugués fronte ás multitudinarias audiencias que reúne a retransmisión desta proba deportiva. Isto é especialmente importante para un concello moi vencellado co Camiño de Santiago, tal e como reflicte o seu lema turístico “Mos, a rosa do Camiño”.

Este ano a Volta cumpre 90 anos, cuxo pistoletazo de saída foi o pasado 23 de agosto por primeira vez desde a rexión do Piemonte, en Turín (Italia). Ademais tamén pasou por Francia e Andorra, facendo un percorrido moi internacional para culminar coa súa etapa final o 14 de setembro en Madrid.

A Volta é un evento internacional, e nesta edición 2025 contou con etapas en catro países: Italia, Francia, Andorra e España, configurándose como un evento cun importante poder de dinamización, promoción turística e posicionamento da Comunidade Autónoma de Galicia no eido do turismo activo o que supuxo unha gran visibilidade, de tal xeito que serviu de proxección do turismo de Galicia así como de promoción da súa imaxe a través dun dos seus principais activos turísticos e culturais: O Camiño de Santiago.

Estas iniciativas non só dinamizan a hostalería e o comercio local, senón que tamén proxectan a imaxe co Concello a nivel autonómico e nacional, atraendo a novos visitantes e consolidando a posición como destino de referencia para o turismo deportivo.



Cuarto.- A Axencia de Turismo de Galicia está interesada en colaborar neste proxecto, que supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e a necesidade de atender áreas con necesidades específicas para a posta en valor dos elementos patrimoniais inmateriais do concello, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Mos unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

